



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

**Non che contestan os Sindicatos para formar a
Comisión Negociadora do Plan?
Interésache coñecer estas sentenzas...**



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo

CEO



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Con la financiación de:



CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Non che contestan os Sindicatos para formar a Comisión Negociadora do Plan?

Interésache coñecer estas sentenzas...

Sentenzas de distintas CCAA (incluída Galicia) estanse pronunciado sobre este asunto. Xa existen fallos favorables a favor das empresas, cando non exista RLPT na empresa e os sindicatos máis representativos non contestan o requirimento realizado pola empresa para formar parte da Comisión negociadora do Plan de Igualdade.

TSJ de Galicia. Coruña. Sentenza 04703/2023, Sala do social, Recurso 28/2023 do 02 de xaneiro de 2023.

Roj: **STSJ GAL 7462/2023 - ECLI:ES:TSJGAL:2023:7462**

Id Cendoj: **15030340012023105068**

Órgano: **Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Social**

Sede: **Coruña (A)**

Sección: **1**

Fecha: **02/11/2023**

Nº de Recurso: **28/2023**

Nº de Resolución: **4703/2023**

Procedimiento: **Impugnación de actos administrativos en materia laboral y seguridad social, excluidos los prestacionales**

Ponente: **PILAR YEBRA-PIMENTEL VILAR**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

Sociedade mercantil domiciliada en Ourense, cun cadro de persoal superior a 50 persoas, que conta con varios Centros de Traballo con RLPT e cun C.T. (en Asturias), cunha persoa traballadora e sen RLPT.

A Empresa iniciou os trámites para a negociación e implantación do Plan de Igualdade, ao obxecto de constituír a Comisión Negociadora. Neste caso, ante a falta de representación unitaria e sindical da parte traballadora do C.T. de Asturias, e a obrigatoriedade de contar cun Plan de Igualdade, a empresa procedeu a dirixir senllas comunicacións aos sindicatos máis representativos, requiríndolles para que no prazo de 10 días designasen ás persoas que debían formar parte da Comisión negociadora, sen que devanditos sindicatos contestasen á referida comunicación no prazo sinalado. Reitera a comunicación ata en 3 ocasións, e, ante a falta de contestación e ausencia dos sindicatos máis representativos, toma a decisión de continuar co proceso de elaboración do Plan cunha Comisión negociadora constituída pola representación legal da empresa e a RLPT do resto de C.T.

Negóciase o Plan. E apróbase.

O 12 de xaneiro de 2022 a empresa presenta solicitude de inscrición do Plan de Igualdade no rexistro de convenios e acordos colectivos. Preséntase recurso de alzada ante a desestimación da solicitude de inscrición do Plan, denegado (en resolución do 14 de xullo de 2022) por non negociarse o mesmo coa RLPT, o que supón un incumprimento dos requisitos establecidos no RD 901/2020.

A empresa presenta demanda sobre impugnación de actos administrativos.

O TSJ de Galicia estima esta demanda contra a Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Economía social, e falla a favor da empresa, acordando a revogación da resolución do 14 de xullo de 2022, indicando que debe procederse ao rexistro e inscrición do Plan de Igualdade da empresa. Este fallo favorable á empresa baséase nos seguintes fundamentos:

- Tal e como se sucederon os feitos, a empresa non tiña a obrigaón de remitir sucesivos requirimentos aos sindicatos ata que os mesmos admitisen formar parte da Comisión negociadora, xa que isto non se atopa previsto nin legal nin regulamentariamente, polo que a empresa podía continuar cos trámites para a aprobación do Plan de Igualdade.
- Ademais, indica que a propia Administración demandada alega que, en ausencia de resposta (ou declinación) por parte dos sindicatos, a empresa terá que requiririlles cantas veces sexan necesaria para que formen parte da Comisión negociadora, o que supón recoñecer aos sindicatos a posibilidade de bloquear indefinidamente a aprobación do Plan. O que o TSJ de Galicia non atopa nin lóxico nin razoable.
- Tamén indica que **resulta dificilmente compatible coa obrigatoriedade do Plan en determinados supostos e as consecuencias negativas que poden derivarse para a empresa no caso de inexistencia do Plan de Igualdade nos casos en que se atope legal ou convencionalmente obrigada a iso.**

Esta sentenza avala a posibilidade de negociar, aprobar e rexistrar un Plan de Igualdade cando o proceso véxase bloqueado pola falta de resposta dos sindicatos máis representativos, por falta de resposta.

Na propia sentenza menciónase o pronunciamento do TSJ de Andalucía, cuxa referencia é a seguinte: Sentenza 180/2023, do 25 de xaneiro de 2023. Sala do social, Recurso 20/2022 do 23 de xaneiro de 2023

Roj: **STSJ AND 206/2023 - ECLI:ES:TSJAND:2023:206**

Id Cendoj: **29067340012023100001**

Órgano: **Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Social**

Sede: **Málaga**

Sección: **1**

Fecha: **25/01/2023**

Nº de Recurso: **20/2022**

Nº de Resolución: **180/2023**

Procedimiento: **Impugnación de actos administrativos en materia laboral y seguridad social, excluidos los prestacionales**

Ponente: **FRANCISCO JAVIER VELA TORRES**

Tipo de Resolución: **Sentencia**